

Textos de *En clave de sol*

PULSO 4-Tonalidade menor

Hoxe cansei do mundo.
Sempre xira coa mesma canción,
e todos ó seu ritmo.
Non somos máis que corcheas picadas
nun tango con présa e caducado.
Necesito parar para sentilo,
prolongar a miña corchea,
alterala,
cambiala de tonalidade.
Necesito parar para vivir,
para bailar cos teus ollos
para mirar se aínda hai estrelas.
Sinto que vou a contratempo
e que o tango se mofa de min,
pero non podo recuperar o compás.

PULSO 4-En silencio

O silencio berra nos teus ollos
como un solo de baixo introvertido.
Podo descifrar as notas que calas
e adozaas con trinos imposibles.
Podo inventar un pentagrama en branco
para agochar os teus segredos.
Pero prefiro agardar
Sentir como te achegas...
A túa lingua fala sen palabras
coa palleta dos meus beizos,
e a nosa canción soa dentro de min,
marcando o ritmo dun corazón
enmudecido.
Apaga a voz
e dime que esta noite non vai amencer.

En clave de sol

Rosalía Fernández Rial